



sectores productivos

- panorama xeral
- sector primario e industrias relacionadas
- industria
- construción
- servicios

3.1. **panorama xeral**

Este capítulo trata de analiza-los trazos básicos dos diferentes sectores productivos da economía galega. Para iso, a análise partirá da consideración da relación existente entre os indicadores do emprego e da produción facilitados pola EPA e pola *Contabilidade Trimestral de Galicia*. Posteriormente, considéranse os datos de traballadores e empresas en alta laboral na Seguridade Social facilitados pola Tesorería General de la Seguridad Social, as variables empresariais das empresas consideradas por Ardán e, finalmente, faise referencia ós datos do sector exterior facilitados polo ICEX.

Atendendo ós datos da *Contabilidade Trimestral de Galicia* (base 1995) estimado polo IGE, **cadro C.3.1.** (*VEB a prezos básicos e PIB a prezos de mercado 2001-02*), o produto interior bruto a prezos de mercado en 2002 ascendeu a 30.338,2 millóns de euros (prezos constantes), un 1,9% máis que no ano precedente. En termos nominais (prezos correntes), a taxa de crecemento do PIB a prezos de mercado foi do 6,1%.

Se se considera a evolución trimestral ó longo do ano 2002, a expansión da economía

galega continuou coa desaceleración experimentado no ano anterior. As taxas de crecemento descendían trimestre a trimestre, pasando do 2,3% do primeiro trimestre do ano 2002 ó 1,7% do derradeiro trimestre do ano. En termos nominais, estas taxas de crecemento foron de 6,4% e 5,8%, respectivamente.

A ocupación en Galicia (1.072,2 miles de persoas), **cadro C.3.3.** (*Poboación ocupada 2001-02: distribución por ramas de actividade*), presentou no ano 2002 un crecemento do 0,9% (9,5 miles de ocupados máis), cifra que é un punto porcentual inferior á experimentada polo crecemento económico.

Atendendo á desagregación por ramas de actividade, o sector servizos de mercado é o que xera un maior valor engadido, con 12.428,7 millóns de euros (o 41,0% do PIBpm galego), seguido do sector industria e dos servizos non de mercado, con 4.938,1 (o 16,3% do PIB galego a prezos de mercado) e 3.917,7 millóns de euros (12,9% do PIBpm galego), respectivamente.

O VEB a prezos básicos (prezos constantes)

do sector primario (agricultura, gandería e pesca) experimentou no ano 2002 unha medra do 0,6% respecto ó ano precedente (no ano 2001 a taxa de variación interanual foi do 0,0%). Atendendo á evolución trimestral ó longo do ano 2002, a produción ralentizou o seu crecemento, chegando a ser negativa no derradeiro trimestre do ano (-3,0%). Se a análise se fai considerando os prezos correntes (termos nominais) este sector presenta entre os dous anos considerados un descenso do 0,1% (medra un 2,1% no ano 2001).

A ocupación (fonte: EPA) no sector primario experimentou un descenso do 12,8% (20,2 miles de persoas menos que no ano anterior), acollendo un total de 138,1 miles de traballadores, dos que 108,9 miles de ocupados o están no subsector da agricultura, gandería, caza e silvicultura, e os 29,2 miles de persoas restantes, no subsector pesqueiro.

O sector industrial (sen a rama enerxética) experimentou no ano 2002 un crecemento do seu VEB a prezos básicos (prezos constantes) do 2,4%, porcentaxe un punto e medio inferior á acadada no ano precedente. Tendo en conta a evolución trimestral ó longo do ano 2002, a produción industrial continúa coa súa desaceleración, pasando as taxas de crecemento dun 3,0% do primeiro trimestre do ano ó 1,9% do derradeiro trimestre. Se a análise se fai considerando os prezos correntes (termos nominais) a taxa de crecemento do sector industrial entre os anos 2001 e 2002 foi do 6,2%, 1,1 puntos porcentuais menos que en 2001.

O emprego tivo un crecemento do 5,6% (3,2 puntos superior á taxa de crecemento do sector), acadando os 218,1 miles de persoas ocupadas no ano 2002. Este dato destaca ó sector industrial como o de maior capacidade para trasladar o crecemento á creación de emprego no exercicio 2002. As ramas de fabricación de material de transporte e as industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco son as máis importantes en canto ó número de traballadores, con 46,2 e 38,2 miles de ocupados, respectivamente, e seren tamén das que máis intensamente xeraron emprego.

A rama enerxética presentou no ano 2002

unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do -3,9% fronte ó -0,3% experimentado en 2001. En termos nominais (prezos correntes), este subsector presentou unha taxa de crecemento do 1,5%, (3,6% no ano precedente).

Nos catro trimestres de 2002 as taxas de crecemento da produción enerxética (en termos reais) presentan valores negativos, pasando de -5,6% no primeiro trimestre ó -0,8% no derradeiro trimestre do ano. Se a análise se fai tendo en conta a produción en termos nominais, este subsector presenta un crecemento negativo do 0,2% no primeiro trimestre, sendo positivo no terceiro e cuarto trimestre do ano (1,7% e 4,4%, respectivamente).

O emprego no sector enerxético (rama “producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga”) acadou no ano 2002 un total de 5,3 miles de ocupados, 1,1 miles de persoas menos que en 2001. En termos relativos, a caída rexistrada entre ámbolos dous anos foi do 17,2%.

O sector da construción volve a se-lo sector que rexistra as maiores taxas de crecemento do VEB. No ano 2002 a taxa de crecemento (en prezos constantes) foi do 3,1%, case seis puntos inferior á taxa de variación interanual do VEB a prezos básicos en termos nominais (prezos correntes). Tendo en conta os datos trimestrais, a taxa de crecemento do VEB a prezos básicos máis elevada rexístrase no primeiro trimestre do ano, cunha taxa de 3,5% (en termos reais) e a máis baixa, co 2,8%, no terceiro trimestre.

O emprego neste sector no ano 2002 rexistra un aumento do número de traballadores do 2,4% (sete décimas menos do que o fai a produción en termos reais) respecto ano anterior (3,1 miles de persoas ocupadas máis), sendo o número total de ocupados de 133,4 miles de persoas.

No ano 2002 o sector servizos experimentou unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 2,3%, fronte ó 2,8% experimentado no ano anterior. En termos nominais, a taxa de variación interanual do VEB a prezos básicos foi de 6,2%. Atendendo á desagregación entre servizos de mercado e non de mercado, a taxa de crecemento do VEB, en termos reais, no primeiro

CADRO 3.1.1.
Traballadores en alta laboral na Seguridade Social a 31-12-2001: distribución segundo actividade económica

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| 0 Agricultura e pesca | 31.869 | 27.721 | 9.223 | 32.824 | 101.637 |
| 1 Industrias extractivas, téxtil e alimentaria | 24.360 | 5.242 | 7.945 | 15.608 | 53.155 |
| 2 Industrias do metal, madeira e corcho | 24.252 | 8.052 | 6.632 | 27.819 | 66.755 |
| 3 Industrias de fabricación de bens de equipamento | 11.836 | 1.729 | 3.139 | 23.696 | 40.400 |
| 4 Construcción e produción e distribución de enerxía | 51.407 | 13.055 | 14.361 | 39.553 | 118.376 |
| 5 Comercio e hostalería | 93.495 | 26.389 | 24.710 | 81.697 | 226.291 |
| 6 Transporte e comunicación | 28.393 | 7.940 | 6.686 | 23.998 | 67.017 |
| 7 Administración pública, servizos financeiros e tec. emp. | 60.686 | 15.083 | 12.485 | 41.830 | 130.084 |
| 8 Actividades sociais e de servizos prestados á comunidade: Educación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais | 27.608 | 8.765 | 9.444 | 22.964 | 68.781 |
| 9 Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; Servizos Persoais | 23.472 | 5.295 | 5.982 | 16.163 | 50.912 |
| Non consta | 164 | 56 | 58 | 178 | 456 |
| Total | 377.542 | 119.327 | 100.665 | 326.330 | 923.864 |

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

caso foi do 2,0% respecto ó ano anterior, e no segundo do 3,2%.

Atendendo á evolución trimestral, a taxa de crecemento máis elevada rexístrase no primeiro trimestre, cunha taxa de variación do 2,4% respecto ó mesmo período do ano anterior, e a máis baixa no derradeiro trimestre, cando a súa taxa de crecemento é do 2,2%.

A ocupación no sector servizos medrou no ano 2002 un 2,7% respecto ó ano anterior (o VEB a prezos básicos, en termos reais, medra 4 decimas menos) ata chegar ós 582,6 miles de ocupados. Entre as ramas máis importantes, salientan as de comercio por xunto e polo miúdo, con 133,1 miles de traballadores, e as de “outros servizos” (servizos a empresas), con 119,7 miles de persoas.

O número de **traballadores en alta laboral** na Seguridade Social en Galicia en 2002, **cadro 3.1.1.**, aumentou un 2,2% respecto ó ano anterior (19.520 persoas máis) para acadalos 923.084 traballadores. Atendendo ós diferentes grupos de actividade, os grupos 5 (comercio e hostalería) e 7 (Administración Pública, servizos financeiros e servizos empresariais) son os que engloban o maior número de traballadores con 226.291 e 130.084 traballadores, respectivamente.

A Coruña acolle ó 40,9% do total de traballadores en alta laboral no réxime xeral da Seguridade Social, en tanto que Pontevedra acolle ó 35,3%. As provincias de Lugo e Ourense acollen o 12,9% e o 10,9%, respectivamente.

O réxime xeral acolle a 646.309 afiliados (o 70,0% das persoas afiliadas), sendo o seu incremento do 3,4% (21.511 afiliados máis). Tendo en conta que o número de empresas en alta laboral no réxime xeral da Seguridade Social e no réxime especial da minería do carbón en 2002 ascendeu a 77.669 (**cadro C.3.4. Empresas e traballadores en alta no Réxime xeral e Réxime especial da minería do carbón 2002: distribución segundo o tamaño da empresa**), o número medio de traballadores por empresa foi de 8,3.

O devandito cadro reflicte que o 55,4% das empresas teñen de un a dous traballadores (43.029 empresas), un 22,2% das empresas de tres a cinco traballadores (17.208 empresas) e que en 1.473 empresas (1,9%) traballan máis de 50 traballadores.

A análise das **variables empresariais** da economía galega realízase fundamentalmente sobre a información que proporciona o servizo de estudos Ardán, que considera as empresas con domicilio social en Galicia –o que implica deixar fóra algunha empresa importante, polo que as cifras poden presentar algunha distorsión–, das que se teñen datos nos dous últimos anos consecutivos, e que presentan unha facturación superior ós 240.404,84 euros.

Tendo en conta estas limitacións, o conxunto de empresas consideradas nos anos 2000 e 2001 ascendeu a 12.784 empresas, fronte ás 12.394 empresas seleccionadas para os anos 1999 e 2000. Comparado cos datos do Dirce, estas empresas representan o 27,6% do total de empre-

sas mercantís galegas (sociedades anónimas e sociedades de responsabilidade limitada) e acollen en torno ó 40% dos traballadores asalariados galegos.

O **cadro C.3.5.** (*Sectores productivos 2001*), que recolle os datos relativos á distribución da actividade segundo os grandes grupos de actividade, reflicte que estas empresas teñen nese ano uns ingresos de explotación de 45.982,8 millóns de euros e xeraron un valor engadido bruto a custo de factores de 9.184,7 millóns de euros. O seu emprego medio, calculado segundo os datos presentados polas propias empresas, ascendeu a 23 traballadores.

O sector industrial, composto por 3.838 empresas, acolle o 48,1% dos ingresos de explotación e o 44,0% do VEB xerado pola empresas da selección, sendo ademais o sector de actividade co maior emprego medio, con 31 traballadores por empresa segundo os datos facilitados por elas mesmas. As empresas de construción, cun emprego medio de 20 traballadores por empresa, xeran o 22,2% do VEB e as englobadas dentro do sector primario e industrias relacionadas, o 17,8% do VEB (presentan un emprego medio de 20 traballadores por empresa).

Atendendo á **distribución xeográfica** das empresas galegas consideradas por Ardán, o **cadro C.3.10.** (*Núcleos de localización empresarial máis importantes pola súa xeración do VEB 2000-01*) amosa os oito principais núcleos de localización segundo o VEB a custo de factores xerado polas empresas emprazadas nestes municipios. En conxunto, no ano 2001 acollen o 64,3% do VEB total xerado polas empresas galegas estudadas fronte ó 64,2% do ano anterior, sendo esta porcentaxe do 71,9% no caso da industria. Pola contra, estes oito municipios xeran o 44,5% do VEB aportado polas empresas do sector primario.

Vigo e A Coruña son os dous principais núcleos de localización de Galicia, que xeran un total de 1.976,4 e 1.325,0 millóns de euros, o que supón o 21,5% e 14,4% do VEB total xerado polas empresas seleccionadas polo Ardán. Do devandito cadro pode deducirse a importancia do sector industrial para os núcleos de Vigo, Arteixo

e O Porriño, xa que este sector representa o 60,5%, o 83,6% e o 63,9%, respectivamente, do VEB xerado nos devanditos municipios (a media galega é do 44,0%), ou a importancia do sector da construción en Pontevedra e Ourense, que acollen o 55,5% e 51,7% do seu VEB xerado (en Galicia representa o 22,2%).

A **conta de explotación** agregada destas 12.784 empresas (**cadro C.3.6.** *Evolución da actividade empresarial 2000-01: ingresos, custos e resultados*) reflicte un incremento do 12,3% do resultado de actividade ordinaria –aquela directamente relacionada coa actividade das empresas, xa que exclúe os resultados extraordinarios e o imposto de sociedades– así como un forte descenso do resultado de actividades extraordinarias (–250,1%). Esta evolución xustifica que o resultado neto do exercicio das 12.784 empresas consideradas no ano 2001 rexistre unha caída do 6,4%.

Cómpre matiza-los datos da evolución do resultado antes de impostos, resultado do exercicio e *cash-flow* coa análise dos valores medios e os valores centrais (mediana). Esta non se ve tan influenciada polo impacto que, sobre os resultados dalgunhas empresas importantes do tecido empresarial galego, tivo o rexistrar provisiones por depreciación das participacións nas filiais de Arxentina ante a continua devaluación do peso.

As medianas das taxas de variación entre os anos 2000 e 2001 foron do 7,25% no caso do resultado antes de impostos, do 7,27% no caso do resultado neto do exercicio, e do 8,52% no caso do *cash-flow*.

O VEB a custo de factores polas empresas consideradas presenta no período 2000-01 unha medra de 3,2 puntos porcentuais superior ó experimentado polos ingresos de explotación (13,6% e 10,4%, respectivamente). A súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación medra seis décimas, acadando o 20,0% no ano 2001.

Os gastos financeiros medraron no ano 2001 un 15,8%, polo que na estrutura de custos das empresas medrou a relación carga financeira-ingresos de explotación, que en 2001 equivalen ó

1,06% dos ingresos fronte ó 1,01% do ano anterior.

Respecto ós gastos de persoal, que experimentan un crecemento do 13,8%, presentan unha medra do seu peso relativo na estrutura de custos con respecto ós ingresos de explotación, pasando de se-lo 12,3% de 2000 ó 12,7% do ano 2001.

A análise do **balance agrupado** reflicte (**cadro C.3.8. Evolución do investimento e do financiamento na empresa galega 2000-01**) o equilibrio patrimonial nas empresas galegas seleccionadas. O financiamento permanente (17.564,2 millóns de euros) cubre no ano 2001 a totalidade do activo fixo neto (14.759,8 millóns de euros) e o 13,5% do circulante neto (20.765,8 millóns de euros nese ano). O fondo de rotación ascende a 2.804,5 millóns de euros, un 6,8% inferior ó existente no ano anterior.

No concernente ás fontes de financiamento, o 49,4% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 8,8% respecto ó ano anterior, supoñen o 30,5% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo rexistraron unha medra do 9,6%, cun peso relativo do 16,8% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 35.525,6 millóns de euros, un 12,7% superior ó valor de 2000, dos que 14.759,8 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 12,7% superior ó existente o ano anterior). Os 20.765,8 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 12,8% en relación a 2000.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, os indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación (**cadro C.3.7. Empresa galega 2000-01: indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**) reflicten unha aceleración no crecemento dos ingresos, unha caída, respecto ós ingresos, do peso relativo dos gastos de persoal, e un aumento da carga financeira e do resultado neto de explotación respecto ós ingresos. En canto á rendibilidade e magnitudes asociadas, (**cadro C.3.9. Empresa galega 2000-01: rendibili-**

idade e magnitudes asociadas), incrementanse, dunha banda, a rendibilidade económica, por mor do crecemento da marxe de actividade, e por outra, redúcese a rendibilidade financeira, fundamentalmente polo incremento do custo neto da débeda. Finalmente, decrece o nivel de endebedamento.

Os datos do **comercio exterior** recollidos nos **cadros 1.4.3. (Importacións 2002: distribución sectorial)** e **1.4.4. (Exportacións 2002: distribución sectorial)** reflicten que o sector primario acolle o 24,7% do valor das importacións galegas e o 19,7% das exportacións, en tanto que nos produtos industriais, se concentra o 75,3% do valor total das importacións galegas e o 80,3% das exportacións.

O valor total das exportacións dos produtos do sector primario acadou os 1.868,2 millóns de euros (un 2,3% menos que no ano anterior) en tanto que as importacións acadaron os 2.245,1 millóns de euros (un 3,2% inferior ó ano 2001), polo que o déficit da balanza comercial agraria foi de 376,9 millóns de euros. Comparado co total estatal, este sector representa o 8,6% do valor total das importacións españolas deste tipo de produtos, e o 8,2% do valor das exportacións.

O importe total das exportacións e importacións do subsector enerxético descenderon ó longo do ano 2002. Tal e como se reflicte nos devanditos **cadros 1.4.3. e 1.4.4.**, o valor total das importacións de produtos enerxéticos ascendeu a 1.245,5 millóns de euros, un 5,7% máis que o rexistrado no ano anterior, en tanto que as exportacións acadan os 179,4 millóns de euros, un 18,6% menos. O saldo da balanza comercial galega de produtos enerxéticos presenta no ano 2002 un déficit de 1.066,1 millóns de euros.

O valor total das exportacións dos produtos industriais ascendeu a 7.448,6 millóns de euros en tanto que as importacións acadaron os 5.615,2 millóns de euros, polo que a balanza comercial presenta un superávit de 1.833,4 millóns de euros.

Este saldo positivo débese ó comportamento do subsector de manufacturas, que presenta un saldo positivo de 2.229,2 millóns de euros, onde

salienta, fundamentalmente, ó comportamento dos materiais de transporte, cun saldo de 2.399,0 millóns de euros.

No caso das semimanufacturas, fronte ó incremento das importacións nun 16,4% respecto ó ano 2001, o valor total das exportacións rexistraron unha caída do 9,3%. Comparado co valor total das importacións e exportación españolas deste subsector, Galicia acolle o 3,5% do valor das importacións e o 3,0% das exportacións.

O sector das manufacturas é o sector máis importante ó representar case a metade do valor das importacións e máis das dúas terceiras partes das exportacións galegas. Neste sector salienta, por riba dos demais, o subsector de materiais de transporte, onde as súas importacións acadaron un valor de 2.578,0 millóns de euros (o 28,3% do valor total das importacións galegas) e as súas exportacións os 4.977,0 millóns de euros (o 52,4% das exportacións galegas). Comparado co ano anterior, as importacións reducíronse nun 17,1%, en tanto que as exportacións rexistraron unha medra do 5,1%. En relación ós fluxos comerciais españois, Galicia acolle o 14,9% das exportacións dos produtos incluídos no subsector de “materiais de transporte” e o 8,3% das importacións.

Séguelle en importancia o comportamento das industrias relacionadas co téxtil, onde as importacións acadan un valor de 971,4 millóns de euros (22,4% máis que en 2001) e o valor das exportacións os 857,7 millóns de euros (un 16,9% máis que no ano anterior). Comparado co total estatal, o comercio exterior destes produtos acapara o 14,0% do valor das exportacións españolas destes produtos e o 11,3% no caso das importacións. ■